

A LAMA

GUÍA DO CONCELLO



A Lama

CONCELLO DA LAMA

Benvidos ao CONCELLO



D
A
L
A
M
A

Deseño e maquetación: Cristina Villaverde Ruibal

Cartografía: Herminio Fuego Suárez

Revisión lingüística: María Dolores Ferro Diz

Edita: Concello da Lama

Imprime: GRAFINOVA, S. A.

D.L. C 2135-2010



Índice da Guía

- 1.- Saúdo do Alcalde
- 2.- Mapas
- 3.- O concello
- 4.- Patrimonio histórico –artístico
 - Arte rupestre
 - Arquitectura civil
 - Arquitectura relixiosa
- 5.- Contorno natural
- 6.- Sendeirismo: rutas da Lama
- 7.- Festas e romarías
- 8.- Equipamento municipal
- 9.- Natureza e lugares de interese municipal
- 10.- Relación de obras de patrimonio
histórico -artístico
- 11.- Festas e romarías
- 12.-Equipamento municipal
- 13.-Teléfonos de interese

1.- Saúdo



Compráceme darvos a benvinda a esta primeira guía turística. Espero cubra de maneira satisfactoria as expectativas de todas aquelas persoas que a lean e sexa punto de referencia para aqueles que queiran saber un pouco máis do municipio.

Como alcalde o meu obxectivo é dar a coñecer as potencialidades da Lama polo que a presente guía servirá para facer un percorrido pola natureza e o patrimonio lamés. O meu desexo persoal é amosarlles unha información útil e veraz, así como facer unha sinxela descrición de quen somos e onde estamos co fin de mellorar a calidade dos servizos municipais e lograr que A Lama sexa un lugar ao que cada día máis xente se anime a vir coñecer.

Jorge Canda Martínez

2.- Mapas



Parroquias



3.- Concello da Lama



Vista xeral da Lama

O concello localízase a 24 km da cidade de Pontevedra, conta cunha extensión de 112,2 km², situado entre as serras do Suído, O Seixo e O Cando, é un dos municipios de montaña máis elevados da provincia.

O municipio está bañado por caudalosos ríos e regatos coma o Verdugo, Xesta, Parada, Barbeira ou Oitavén. Limita cos concellos pontevedreses de Forcarei, Cotobade, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, e os ourensáns de Avión e Beariz. A Lama divídese en dez parroquias: A Lama, A Escuadra, Antas, Gaxate, Xende, Verducido, Xesta, Seixido, Covelo e A Barcia.



Alameda do concello



Casa do concello


Gozamos dunha paisaxe única de vales entre montañas suaves. O municipio ten grandes atractivos paisaxísticos e infinidade de recunchos por descubrir.



Praia fluvial. A Lama



Escudos nobiliarios.
Debuxos de Bravo Cuevas



Anoitecer na Lama

4.- Patrimonio histórico- artístico

Arte rupestre



A Laxe das Puzas. Debuxo de Antonio de la Peña




O Outeiro Seixiño

Existen numerosos restos da cultura megalítica coma mámoas, túmulos ou os coñecidos petróglifos na Escuadra e Verducido, atopamos castros nos montes de Gaxate ou A Lama, unha calzada romana, pontes... Grazas ao antropólogo Buenaventura Aparicio e ao arqueólogo Antonio de la Peña , estudosos da arte rupestre lamesa hoxe sabemos algo máis do noso pasado.

Destaca o petróglifo da Laxe das Puzas localizado no lugar do Porto, Verducido, a base de círculos concéntricos cunha coviña no medio. Os motivos rupestres que predominan no municipio son gravados con motivos de figuras xeométricas: pías, cazoletas e combinacións circulares.

No Val do Gato (Verducido), podemos ver “A Pedra da Tartaruga”, unha rocha que semella unha tartaruga.

O xacemento do *Outeiro Seixiño* sitúase a unha altitude de 565m. A gran laxe é unha rocha granítica de aproximadamente 16x10m.



O Outeiro Seixiño



Calco dixitalizado dos gravados da Laxe do Outeiro Seixiño. Verducido. Antonio de la Peña.



Petróglifo da Laxe do Val do Gato. Verducido



A Laxe do Val do Gato.
Verducido



O Outeiro Seixiño. Verducido



O Monte Parada. Verducido

Arquitectura civil

A Lama ofrece unha ampla arquitectura civil entre casas, pontes, muíños, fontes, pombais, reloxos de sol, canastros... espallados por todas as parroquias do concello.

Os apaixonados da heráldica poden gozar observando escudos coma os dos Contreras (A Lama), o da casa do Mestre Piñeiro (Verducido), o da casa da Chanciña (Gaxate), ou o da casa dos Muíños, o da casa do Pazo ou o da casa da Picota.

Destacan pontes coma a ponte sobre o río Parada en Verducido, a ponte de Liñares sobre o río Xesta en Xesta, ou a ponte sobre o río Verdugo na Escuadra.

Os muíños son xunto os canastros unha das riquezas etnográficas máis importantes e significativas da arquitectura popular lamesa. A tradición de moer o gran nesta zona, coma no resto de Galicia, é moi antiga. Existe unha gran diversidade de muíños localizados nas beiras dos ríos e regatos. Aínda quedan restos dos canastros máis vellos situados na parroquia da Barcia. A paisaxe da Lama non se entendería sen este tipo de construcións que dan carácter e definen todo o municipio.

Se visitas A Lama tamén poderás coñecer vilas cheas de encanto como Covelo con numerosas construcións en pedra e fachadas decoradas con interesantes baixorrelevos. En Gaxate destacan impresionantes casas de estilo indiano feitas por emigrantes lameses. Máis cara ao interior do concello podemos visitar fermosas vilas preto de ríos e das serras coma O Cernedo, Taboadelo, Barbeira, A Fírveda, A Gateira, Cabalar... testemuñas todas elas da profusión en pedra granítica destas altas cordilleiras.



Baixorrelevo. Covelo




Escudo nobiliario





Canastro lames



Muíño en Cabalar. Seixido



Ponte de Liñares. Xesta



Casa de indianos. Gaxate



Ponte. Verducido



Canastros en Verducido



Arquitectura religiosa

Capela do Sagrado
Corazón. A Lama

Un dos oficios máis populares deste municipio foi o da cantería. Moitas son as manifestacións artísticas de carácter relixioso e civil que foron realizadas por gremios de canteiros, razón que explica o descoñecemento das autorías da maior parte das obras.

De interese turístico destacan lugares ao longo de todo o concello que gozan dunha peculiar escultura como podemos apreciar nos numerosos petos e cruceiros e baixorrelevos. repartidos ao longo de todo o municipio.


En Antas podemos visitar a capela de finais do s.XIX e un cruceiro do mestre Cerviño. En Verducido ademais da calzada romana e os gravados rupestres de San Martiño podemos coñecer a antiga ponte e capela de Santo Antonio. Na Lama, a capela do Sagrado Corazón no monte do Castro convértese en símbolo da capital lamesa.



Campanario en Xende



Viacrucis. A Lama



Igrexa de Verducido



Conxunto en Xesta



Cruceiro no camiño da Vincurada.



Capela das Ermidas. Antas

A Lama conta con fermosas igrexas parroquiais nas parroquias da Lama, Antas, A Barcia do Seixo, Covelo, Gaxate, Seixido, Xende, Xesta e Verducido. Son de subliñar tamén ermidas como a de San Lourenzo, a do Peso na Escuadra ou a ermida dos Prados en Xesta.

Singular é o “Santuario das Ermidas”, situado no lugar de Antas, no coñecido como o monte Ceo. Nel danse cita os días 4 e 5 de agosto os peregrinos máis devotos, alí atópase a imaxe esculpida da virxe e podes visitar o lugar destinado ás “Sete Fontes”. Así mesmo, destaca a romaría do Santo Cristo de Xende, celebrada o sábado ou domingo anterior. Tamén O Corpus Christi, festa de maior tradición relixiosa no municipio, xa que se remonta séculos atrás.



Adro de Verducido



Cruceiro na Barcia



Peto de ánimas. Antas



Peto de ánimas en Xende



Cruceiro en Covelo



Cruceiro baixo baldaquino
Xende



Baldaquino da igrexa vella de
Antas



5.-Contorno natural

A Lama é un lugar privilexiado para gozar da natureza e facer sendeirismo. Os ríos e saltos de auga ofrecen espectaculares fervenzas de auga cristalina situados entre frondosas paisaxes, ás veces de difícil acceso. Os máis coñecidos son: Abelaído en Antas, Liñares en Xesta, A Fírveda en Covelo ou Cachón en Verducido.

Os espazos naturais do municipio son fermosos. As altas e agrestes serras lamesas acollen interesantes especies de fauna e flora.


Desde a alta serra do Suído podemos observar as tres rías: Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa. Con bo tempo e desde o monte do Seixo albiscamos as rías de Pontevedra e Vigo, desde o monte do Castro vemos a vila da Lama e parte dos concellos limítrofes.




Poza de Abelaído. Antas



Río Verdugo. Abelaído. Antas



Praia fluvial . A Lama



Carballeira dos Prados. Xesta




Río Verdugo



Sendeiro Verdugo



Carballo centenario.
O Pelete. Covelo



Praia fluvial. O Verdugo



Carballeira das Ermidas. Antas



Gando na serra lamesa

A Lama ten unha singular riqueza paisaxística. O concello está encadrado polas serras do Cando e O Suído. O Cando está formada por cumes de formas redondeadas; ten o seu punto máis alto no monte do Seixo con 900m de altitude sobre o nivel do mar. É unha zona de montaña media con superficies de mato e pequena extensión de carballeiras e bosques de ribeira.

Pertence á Rede Natura 2000 e forma parte dunha área natural declarada de alto valor ecolóxico pola Unión Europea. O seu hábitat é considerado de interese comunitario pola súa escaseza, singularidade e por constituír un dos medios naturais representativos das distintas rexións bioxeográficas europeas.

A serra do Suído fai límite natural con Ourense e o punto máis alto é O Coto da Puza con 1035m. Ten gran valor ecolóxico e é unha das poucas zonas de Galicia onde aínda quedan lobos.



Vista xeral da serra lamesa

6.- Sendeirismo na Lama

O que máis lles chama a atención aos visitantes é a privilexiada natureza que conforman estas terras, permitíndolle ao turista esquecerse do asfalto da cidade para tomar contacto directo coa riqueza da vexetación e das augas dos ríos; A Lama é un lugar ideal para a práctica de sendeirismo.

Se queredes pasar un fermoso día ao aire libre, recomendámosvos que visitedes lugares coma a carballeira das Ermidas en Antas, a carballeira dos Prados en Xesta, ou calquera espazo das altas serras, lugares todos eles onde poderás coñecer as diferentes especies vexetais ou perderte na espesura dos bosques de carballo.

Se che gusta camiñar son variadas as rutas que percorren este verde municipio:

Ruta “A Freixa”: comeza e finaliza na aldea de Liñares, atravesa o río pola ponte do mesmo nome e baixa ata Cortegada, onde se pode admirar un interesante peto de ánimas; pasando o río entre carballos ata chegar a Paradela pódese gozar da vista e visitar fermosos muíños. De regreso ao lugar de Liñares encontrámonos cunha impresionante ferverza. Duración: 4 horas aprox. Dificultade: media.



Ferverza de Verducido




Ferverza en Liñares. Xesta




Carballeira na Candeira. Antas

Ruta “Tralos Pasos do Camiño Real”: ruta que en parte coincide co antigo camiño dos arrieiros. Iníciase na carballeira do lugar da Candeira , a duración do traxecto é dunhas 2 horas aproximadamente. A dificultade é baixa.




Poldras en Carrizáns. A Escudra



Fervenza en Abelaído



Croques....



Planta do “Foxo do Lobo”. Xesta



O Foxo do Lobo. Xesta



Ruta “O Foxo do Lobo”: comeza e finaliza na ermida dos Prados, atravesa unha magnífica carballeira e ascende ata a granítica serra do Suído, logo baixa ata A Grifa, desde onde se regresa. A duración é de 5 horas aprox. A dificultade é media. Ao final desta ruta atopámonos o antigo foxo (extenso muro pétreo e foxo) que facía a función de trampa para os ameazantes lobos.

Ruta do río Barbeira ou “Ruta da Liberdade”: comeza e finaliza na parroquia da Escuadra, pasando polas aldeas do Peso, As Chozas, San Lourenzo e Barbeira. Unha vez alí o camiño diríxese a Covelo. A lonxitude é de 20 km, a dificultade é baixa.



Espantallo na ruta do río Barbeira



A ponte de Verducido

Ruta ambiental e cultural en Verducido: dá comezo na igrexa, pasa polos petróglifos da Laxe do Val do Gato, o río Parada, e remata no Piñeiro. A dificultade é baixa a distancia e de 6,5 km.

Ruta da Escuadra: Transcorre polo monte veciñal da Escuadra e dende o seu mirador pódese divisar as tres rías da provincia de Pontevedra. A lonxitude é de 7.1 km e o tempo estimado para facelo de 2 horas e 45 minutos.

7.- Festas e romarías

Ao longo de todo o ano no municipio celébranse festas e romarías en todas as parroquias. As máis populares son as do Santo Cristo de Xende, a Virxe dos Remedios en Xesta, a Festa do Viño no Pelete, San Cristovo na Lama, San Bieito en Verducido, San Xoaquín e Santa Ana na Lama, a Virxe de Guadalupe nos Prados, a Virxe de Lourdes en Barbeira, Santiago Apóstolo en Antas, a Virxe do Rosario en Gaxate, San Lourenzo en Liñares, os Anxos no Peso, a Virxe da Saleta en Cambeses, Santa Ana na Barcia, Virxe das Ermidas en Antas, San Lourenzo na Escuadra, San Bartolomeu en Seixido, etc.

Romaría do Santo Cristo de Xende: É a romaría máis coñecida do municipio, a ela acoden numerosos fieis procedentes de diferentes lugares de Galicia para visitar o milagroso Cristo da Agonía. Na procesión relixiosa que se fai o día do Santo Cristo aínda podemos observar como algúns fieis se achegan para facer as súas penitencias meténdose en ataúdes que son levados nos ombreiros na procesión. Despois da misa grande, os veciños acompañan o santo. Algúns dan voltas á igrexa descalzos ou fan o viacrucis que remata nun singular cruceiro baixo o baldaquino.



Santo Cristo de Xende



Romaría do Santo Cristo de Xende.

Festa do *Codillo*: A festa gastronómica municipal normalmente celébrase no mes de xuño. Dende o concello desexamos sexa punto de encontro para visitantes e veciños, nela podes degustar un elaborado prato de “codillo” de porco con grelos, gornición, ou patacas. A festa celébrase na alameda onde tamén hai variados postos doutros produtos coma polbo, empanada , filloas... Os restaurantes locais tamén ofrecen dita receita nos seus menús.




Festa Gastronómica do “Codillo”



Festa nas Ermidas. Antas

Festa das Ermidas: Celébrase o 4 e 5 de agosto no popular santuario das Ermidas, en Antas. Nela participan numerosos veciños, peregrinos devotos da virxe. Na carballeira faise unha gran comida campestre á que concorren centos de emigrantes lameses procedentes de México ou Brasil.



Monumento ao emigrante.
As Ermidas. Antas



Carballo do Pelete. Covelo

Festa do Pelete: A súa orixe é do máis curiosa, xa que foi resultado dun accidente. O fillo dun arrieiro que cubría esta zona, recibiu un couce dunha mula e quedou mal ferido. O arrieiro dirixiuse á Virxe dos Remedios, patroa do lugar, e prometeulle que se sandaba seu fillo, regalaríalle todos os anos viño en setembro.

A indumentaria ideal para achegarse ao Pelete e gozar da “Festa do Viño” é unha camiseta vella e uns vaqueiros, xa que máis de catro mil litros de viño percorren (tanto por dentro como por fóra) o corpo dos asistentes, ademais pódese acompañar a bebida con churrasco, carne ao caldeiro, polbo, chourizos...



Festa do Viño. Covelo

8.- Equipamento municipal



Edifício municipal



Escola taller



Omix e biblioteca



Xulgado de paz



Centro de saúde



Alameda da Lama



Parque infantil



Pavillón municipal



Servizos sociais e CIM



Tanatorio municipal



Punto limpo



CEIP A Lama



Merendeiro na praia fluvial. A Lama



Edifício Multiusos "Os Prados"



Taboadelo. A Barcia



Polígono industrial en Racelo



Campo de fútbol municipal en Racelo

9.- Natureza e puntos de interese municipal

Carballeiras

- As Ermidas (Antas)
- Os Prados (Xesta)
- Carballeira de Liñares a Pigarzos (Xesta)
- Carballeira da Candeira (Antas)

Serras, montes e miradores

- Monte do Seixo (A Barcia)
- Monte do Castro (A Lama)
- Monte Xestal (Verducido)
- Serra do Cando
- Serra do Suído

Praias

- Praia Fluvial do Verdugo (A Lama)
- Praia Fluvial da Barcia (A Barcia)
- Praia Fluvial dos Prados (Xesta)
- Praia Fluvial de Gaxate (Gaxate)

Ríos

- Oitavén
- Verdugo
- Barbeira
- Xesta
- Parada

Fervenzas

- Fervenza de Abelaído (Antas)
- Fervenza de Liñares (Xesta)
- Fervenza da Fírveda (Covelo)
- Fervenza do Cachón (Verducido)

Áreas recreativas

- A Lama (Racelo)
- A Lama (Racelo-antigo depósito do lixo)
- A Lama (Racelo-polígono)
- A Lama (Praia Fluvial do Verdugo)
- A Escuadra (serra do Cando-Sta. Mariña)
- A Barcia (serra do Cando-Santo Antonio)
- A Barcia (Cambeses-Fonte da Saúde)
- A Barcia (Cambeses-aldea)
- A Barcia (Cambeses-casa do pobo)
- A Barcia (carballeira)
- Covelo (O Carballo do Pelete)
- Xesta (Os Prados)
- Xesta (Liñares-San Bieito)
- Antas (As Ermidas)
- Xende (Santo Cristo de Xende)
- Gaxate (praia fluvial)
- Verducido (carballeira-Monte Xestal)

Rutas

- O Foxo do Lobo
- A Freixa
- Ruta do río Barbeira ou “Ruta da Liberdade”
- Tralos Pasos do Camiño Real
- Ruta ambiental e cultural en Verducido

10.- Relación de obras de patrimonio histórico-artístico

Igrexas parroquiais

- Igrexa de Santiago Apóstolo. Antas
- Igrexa de Santa Ana. A Barcia
- Igrexa de San Sebastián. Covelo
- Igrexa de San Pedro. Gaxate
- Igrexa de San Salvador. A Lama
- Igrexa de San Bartolomeu. Seixido
- Igrexa de San Martiño. Verducido
- Igrexa de Santo Cristo da Agonía. Xende
- Igrexa de San Bartolomeu. Xesta

Santuarios, capelas e ermidas

- Santuario das Ermidas. Antas
- Santuario do Santo Cristo da Agonía. Xende
- Capela da Virxe da Saleta. A Barcia
- Capela da Nosa Señora de Lourdes. Covelo
- Capela de San Miguel da Fírveda. Covelo
- Capela da Virxe dos Remedios. O Pelete. Covelo
- Ermida da Nosa Señora dos Anxos. A Escuadra
- Capela de San Lourenzo. A Escuadra
- Capela de Santa Bárbara. Gaxate
- Capela do Sagrado Corazón. A Lama
- Capela da Virxe das Dores. Seixido
- Capela de Santo Antón. Verducido
- Ermida de Santa Lucía. Verducido
- Capela da Virxe de Guadalupe. Xesta
- Capela de San Vicente. Gaxate
- Capela dos Contreras. Gaxate
- Capela de Vila Eulalia. Gaxate
- Capela da Virxe da Anunciación. Xende
- Capela da Virxe dos Remedios. Xesta

Pazos e casas

- Casa do concello (A Lama)
- Casa dos Contreras ou dos Fidalgos (A Lama)
- Casa dos Coroneis de Piñeiro (Verducido)
- Casa da Chanciña (Gaxate)
- Casa do Mestre Piñeiro (Verducido)
- Casa dos Muíños (Gaxate)
- Casa do Pazo (Gaxate)

Cruceiros

- Cruceiro da Veiga Nova en Santa Ana (A Lama)
- Cruceiro da Fonte (A Lama)
- Cruceiro do Campo da Festa (Seixido)
- Cruceiro do Cemiterio (Seixido)
- Cruceiro do Bon Xesús. A Fentosa (Seixido)
- Cruceiro de Santo Antón. (Verducido)
- Cruceiro de Santa Lucía (Verducido)
- Cruceiro da Igrexa de Xende (Xende)

- Cruceiro dos Prados (Xesta)
- Cruceiro das Ermidas (Antas)
- Cruceiro no adro da igrexa (A Pedreira. A Lama)
- Cruceiro do Braserito (A Lama)
- Cruceiro da Estrada da Igrexa (Gaxate)
- Cruceiro do Cemiterio (Gaxate)
- Cruceiro en Liñares (Xesta)
- Cruceiro do Campo da Festa en Cendón
- Cruceiro no Cotiño. Antas
- Cruceiro do Calvario. Antas
- Cruceiro das Ermidas, Antas
- Cruceiro da Igrexa. A Barcia do Seixo.
- Cruceiro de San Lourenzo. A Escuadra
- Cruceiro dos Belendes. Covelo
- Cruceiro de San Sebastián. Covelo
- Cruceiro da Igrexa. Covelo
- Cruceiro da Fírveda. Covelo
- Cruceiro do Casal. A Escuadra
- Cruceiro da Igrexa de Gaxate. Gaxate
- Cruceiro-peto da Coruxeira. A Lama
- Cruceiro da Portela. A Lama
- Cruceiro de Santa Ana. A Lama
- Cruceiro da Igrexa. Seixido
- Cruceiro das Bazocas. Verducido
- Cruceiro no adro da igrexa. Verducido
- Cruceiro da Forxa. Xende
- Cruceiro do Calvario. Xende
- Cruceiro de San Bartolomeu. Xesta
- Cruceiro de San Lourenzo. Xesta
- Cruceiro no adro da igrexa. A Lama
- Cruceiro no cemiterio. Gaxate
- Cruceiro estrada da igrexa. A Lama
- Cruceiro do Ramil. Gaxate
- Cruceiro Cristo do Bom Fin. Gaxate
- Cruceiro do Campo. A Escuadra
- Cruceiro San Lourenzo . A Escuadra
- Cruceiro en Barbeira . Covelo
- Cruceiro na Barcia. A Barcia
- Cruceiro na igrexa de Antas. Antas

Petos

- Peto de Ánimas do Cotiño . Antas
- Peto de Ánimas do Cruceiro de San Sebastián. Covelo
- Peto de Ánimas Santo Antón. Fírveda. Covelo
- Peto de Ánimas de San Lourenzo. A Escuadra
- Peto de Ánimas da Portela do Peso. A Escuadra
- Peto de Ánimas de Acivido.Gaxate
- Peto de Ánimas Sagrado Corazón, na ponte. Gaxate
- Peto de Ánimas do Eido de Abaixo. Gaxate
- Peto de Ánimas de Santo Antón. A Lama
- Peto de Ánimas de Santa Ana. A Lama
- Peto de Ánimas de Santo Antón de Verducido
- Peto de Ánimas de Cortegada. Verducido
- Peto de Ánimas da Virxe dos Pobres. Xende
- Peto de Ánimas da Forxa. Xende
- Peto de Ánimas das Tostadas. Xende
- Peto de Ánimas do Xarigo. Xende
- Peto de Ánimas dos López. Xesta
- Peto de Ánimas de San Miguel e San Pedro. Xesta
- Peto de Ánimas do Puzo de Liñoí. Antas
- Peto de Ánimas dos Carreiros . Antas
- Peto no Val do Forno. Antas
- Peto no cruce de camiños . Antas
- Peto da Poza da Ran. Antas
- Peto do Portamedos . Antas
- Peto das Ermidas. As Ermidas. Antas
- Peto da Igrexa da Barcia. A Barcia
- Antigo peto de ánimas. O Seixo. A Barcia
- Peto de Ánimas do Río Verdugo. A Vincurada. Covelo
- Peto de Ánimas do Camiño da Igrexa .Covelo
- Peto das Almiñas da Ponte, en Barbeira. A Escuadra
- Peto de Muíños. Gaxate
- Peto da Aldea. Gaxate
- Peto do Portodanta. Gaxate
- Peto do Sagrado Corazón de Xesús. A Lama

- Peto de Ánimas das Bazocas. Verducido
- Peto das Ánimas do Catadoiro . Xende
- Peto de Ánimas do Cemiterio . Xende
- Peto de Ánimas do Sagrado Corazón. Xende
- Gruta de Santa Bárbara. Cova-peto. Xende
- Peto de Ánimas do Purgatorio e Peto dos Devotos de San Martiño e San Xudas. Xesta
- Peto de Ánimas de San Xudas da Grifa. Xesta
- Peto da Moa. Antas
- Peto de Ánimas das Ermidas. Antas
- Peto de Ánimas da Virxe de Cambeses. A Barcia

Víacrucis

- Viacrucis do Sagrado Corazón de Xesús. A Lama
- Viacrucis de Covelo. Covelo
- Viacrucis do Calvario. Antas
- Viacrucis de Seixido. Seixido
- Viacrucis de Xende. Xende
- Camiño Procesional de Taboadelo á Barcia. A Barcia
- Camiño de Mortos. A Barcia
- Camiño Procesional. A Escuadra

11.- Festas e romarías

- Romaría do Santo Cristo de Xende
- Romaría das Ermidas . Antas
- Festa do Viño do Pelete . Covelo
- Festa Gastronómica do “Codillo”. A Lama
- San Cristovo. A Lama
- Os Remedios. Xesta
- Os Anxos no Peso. A Escuadra
- San Bieito en Verducido
- San Lourenzo de Liñares. Xesta
- Virxe do Carme en Verducido
- Santiago en Antas.
- San Xoaquín e Santa Ana. A Lama
- Santo Antón. A Lama
- A Nosa Señora de Guadalupe. Os Prados. Xesta
- O Rosario. Gaxate
- Santa Lourdes en Barbeira de Arriba. Covelo
- San Bartolomeu . Seixido
- San Lourenzo. A Escuadra
- Santa Ana. A Barcia

12.- Equipamento municipal

- Casa do concello
- Centro de saúde
- OMIX e biblioteca
- Educación: CEIP da Lama
- Servizos sociais e CIM
- Área recreativa: parque infantil
- Campo de fútbol
- Edificio Multiusos “Os Prados”
- Tanatorio
- Polígono industrial
- Punto limpo
- Pavillón municipal
- Escola taller
- Campo de fútbol

13.- Teléfonos de interese

- Casa consistorial
986 76 80 36/ 986 76 82 38
Fax 986 76 82 82
- OMIX A Lama
986 76 80 36/ 986 76 82 38
Fax 986 76 82 82
- Xulgado de paz
986 76 80 36/ 986 76 82 38
Fax 986 76 82 82
- CIM
986 76 80 36/ 986 76 82 38
Fax 986 76 82 82
- Parada de taxis
986 768269
986768269/659235031/627610640/
626304649/660608124/649253874
- Casa do pobo
986 768199
- Farmacia
986 768054

- Escola taller
986 768385
- CEIP A Lama
986 768132
- Centro penitenciario
986 768230
- Centro de saúde
986 768230
- Correos
986 768297
- Banco Central Hispano
986 768169
- Banco Caixa Geral
986 768256
- Caixanova
986 766900
- Bar “A Terraza”
986 768110
- Casa “O Tizón”
986 768292
- Carnicería “José Luís”
986 768094
- “Aliprox” alimentación
986 768094
- Ferraxería “Jesús Ogando”
677492663

- Supermercado “Mary”
636248106
- Panadería-pastelería “O Carrizo”
986 76 8182
- Supermercado “Bonsai”
986 768166
- Hotel Aguesol
986 766923
- Casa rural “Souteleira”
986 766903/986 868932
- Casa Rural “Cas do Mestre”
986 691530/600510309
- Casa do Porto Martiño
986 211086/607869956
- Casa rural Vila Vázquez
986 696282
- Pensión-Residencia “Casa Florencio”
986 696749
- Eléctrica Moscoso
986 768156
- Granitos del Verdugo S.L.
986 768111
- Pedreira S.L. Materiais de construción e ferraxería
986 768396

